



SITUACIÓN ACTUAL	NOVO ESCENARIO
 RATEOS ALUMNO/AULA	
Infantil e Primaria 25 alumnos/aula	20 alumnos/aula <i>Implantación progresiva a partir do curso 24-25</i>
ESO 30 alumnos/aula	25 alumnos/aula <i>O calendario de aplicación negociarase tras completar a implantación en Infantil (dentro de tres cursos)</i>
Bacharelato 33 alumnos/aula	30 alumnos/aula <i>O calendario de aplicación negociarase tras completar a implantación en Infantil (dentro de tres cursos)</i>
Melloras	<p>Para todas as etapas teranse en conta as novas rateos á hora de crear ou suprimir unidades. Polo tanto, non haberá eliminación de unidades se a suma de alumnado supera as novas rateos establecidas.</p> <p>As aulas de Infantil e Primaria que teñen actualmente entre 20 e 25 alumnos non incrementarán esta cifra.</p> <p>O alumnado repetidor computará para efectos de rateos</p>
 ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	
Os alumnos con discapacidade computan do mesmo xeito que o resto dos alumnos	<p>Alumnos con discapacidade igual ou superior ao 33% ou cun grao I de dependencia ou cun trastorno grave de conduta acreditada:</p> <p>» Computan como 2 a efectos de rateo</p> <p>Alumnos con discapacidade igual ou superior ao 65% ou cun grao II ou III de dependencia:</p> <p>» Computan como 3 a efectos de rateo</p>

SITUACIÓN ACTUAL

NOVO ESCENARIO



HORARIO LECTIVO

25 horas lectivas semanais para os docentes de Infantil e Primaria

20 horas en ESO e Bacharelato

23 horas lectivas semanais para os docentes de Educación Infantil e Primaria

Emprázase á negociación dunha nova regulación do horario lectivo ao momento no que se aborde unha xornada de traballo de 35 horas semanais para todo o persoal da Xunta de Galicia



CARREIRA PROFESIONAL DOCENTE

Complemento específico por formación permanente do profesorado (sexenios)

+ 20% mensual en dous anos: 01-01-24 : +10% | 01-01-25 : +10%

Complemento desempeño funcións de goberno (equipos directivos, responsables de centros pequenos do rural, inspectores e outros postos asimilados)

+60€ mensuais en tres anos:

01-01-24 : +20€ | 01-01-25 : +20€ | 01-01-26 : +20€

Complemento específico por función titorial e outras funcións docentes

+ 20% mensual en dous anos: 01-01-24 : +10% | 01-01-25 : +10%

Incremento importe axudas por formación

Multiplicar por 2 o importe das axudas por formación

Licenzas de formación non retribuídas

Regulación das licenzas de formación non retribuídas a partir de 2024



BUROCRACIA E CONCILIACIÓN

Redución tarefas burocráticas

Constitución dun grupo de traballo encargado de elaborar o plan a implantar no curso 2024-25

Implantación reunións telemáticas

Estender e regular as reunións telemáticas aos órganos de coordinación docente como, por exemplo, claustros, como medida de conciliación